



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

PLAN ESPECIAL DE AMPLIACIÓN DE DOUS EQUIPAMENTOS EDUCATIVOS



INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

A LARACHA, OUTUBRO DE 2012

ÍNDICE:

1. OBXECTO DO INFORME	2
2. IMPACTO DA ACTUACION NA FACENDA PUBLICA MUNICIPAL.....	2
2.1. INVERSION MUNICIPAL (GASTOS DE CAPITAL) DERIVADA DA ACTUACION	2
2.1.1 DURANTE O DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN	2
2.1.2. CON POSTERIORIDADE Á EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN	3
2.2. AVALIACIÓN DO AUMENTO PATRIMONIAL MUNICIPAL.....	3
2.3. ANALISE DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS	3
2.4. ESTIMACION DE GASTOS - INGRESOS CORRENTES MUNICIPAIS TRAS A ACTUACION. 6	6
2.4.1 ESTIMACIÓN DOS GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA ACTUACIÓN	6
2.4.2 ESTIMACIÓN DOS INGRESOS CORRENTES DERIVADOS DA ACTUACIÓN	7
2.5. ANALISE DO SALDO FISCAL DA ACTUACION	7
2.6. ANALISE DOS ESTADOS DE INGRESOS E GASTOS CORRENTES DA ACTUACION	8
2.7. ANALISE DOS RESULTADOS PRESUPUESTARIOS ESTIMADOS	9
3. CONCLUSIÓN	12

1. OBXECTO DO INFORME

O presente informe redáctase en cumprimento do establecido no artigo 15.4 do Texto Refundido da *Ley de solo 2/2008* aprobado por *Real Decreto Legislativo* de 20 de xuño, tendo por obxecto analizar o impacto que producirá nas Facendas Públicas o mantemento, conservación e implantación das infraestruturas derivadas da execución da actuación prevista no Plan Especial de Ampliación dos Centros Educativos CEIP Otero Pedrayo e IES Agra de Leborís no Termo Municipal da Laracha.

Dadas as características e alcance da actuación, o informe centrarase unicamente no impacto que a mesma producirá sobre a Facenda Pública Municipal.

2. IMPACTO DA ACTUACION NA FACENDA PUBLICA MUNICIPAL

Analizarase inicialmente a liquidación do último orzamento municipal e procederase á estimación dos gastos de inversión e correntes que o Concello deberá asumir pola construción das novas infraestruturas e o mantemento da nova actuación, así como dos ingresos que esta xere (se os houberse); para posteriormente analizar o efecto sobre o orzamento, os equilibrios orzamentarios e o balance fiscal que nos comportarán os datos necesarios para avaliar a sostibilidade económica da actuación.

2.1. INVERSION MUNICIPAL (GASTOS DE CAPITAL) DERIVADA DA ACTUACION

2.1.1 DURANTE O DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN

- **Custo de obtención dos terreos afectados mediante expropiación urbanística segundo o procedemento de taxación conxunta.**

Atendendo aos prezos de referencia de últimas expropiacións realizadas e de valoracións de solo de terreos de características similares, e aplicando ditos prezos aos das superficies obxecto de expropiación obtemos os custos totais, que quedan reflectidos no seguinte cadro:

CUSTOS DE EXPROPIACION DE SOLO PLAN ESPECIAL DE AMPLIACIÓN DE DOUS SISTEMAS XERAIS EDUCATIVOS									
CENTRO EDUCATIVO	SUPERFICIE TOTAL		SUPERFICIE PÚBLICA	SUPERFICIE A EXPROPIAR	CLASE DE SOLO	SITUACION BÁSICA	CUSTOS DE EXPROPIACION		
	(m ²)	(m ²)					(€/m ²)	(€)	(€)
C.E.I.P. OTERO PEDRAYO	29.309,00	3.144,86	1.641,47	1.503,39	SNR	URBANIZADO	19,60	29.466,44	129.080,24
		6.944,70	5.384,22	1.560,48	SU	URBANIZADO	29,40	45.878,11	
		19.219,44	3.643,88	15.575,56	SUbleND	RURAL	3,45	53.735,68	
I.E.S. AGRA DE LEBORIS	10.036,11	10.036,11	490,73	9.545,38	SUbleND	RURAL	3,45	32.931,56	32.931,56
	39.345,11			28.184,81					162.011,80

Considérase un custo total de expropiación de **162.011,80 €**

- Gastos de execución material da actuación.

A totalidade da inversión prevista será executada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, polo que non se contempla investimento municipal algún.

2.1.2. CON POSTERIORIDADE Á EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

Contémplase a execución da actuación nunha única fase, polo que se considera a inversión municipal unicamente no período de desenvolvemento da actuación.

2.2. AVALIACIÓN DO AUMENTO PATRIMONIAL MUNICIPAL

- Obtención de parcelas de equipamentos:

Equipamento educativo CEIP Otero Pedrayo: 11.167 m²

Equipamento educativo IES Agra de Leborís: 6.103 m²

- Obtención solos dotacionais de mellora de viarios de acceso:

Superficie asociada ao CEIP Otero Pedrayo: 18.142 m²

Superficie asociada ao IES Agra de Leborís: 4.531 m²

- Obtención de obras e infraestruturas realizadas:

Segundo o orzamento a executar pola Consellería.

Obras e infraest. no CEIP Otero Pedrayo: por determinar

Obras e infraest. no IES Agra de Leborís: por determinar

2.3. ANALISE DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS

A análise do orzamento municipal realizouse a través da información facilitada polo propio Concello, constituída pola información detallada da liquidación do orzamento do último exercicio (exercicio 2011) e o resumen das liquidacións dos 5 exercicios anteriores (exercicios 2006-2010).

A liquidación do orzamento do exercicio 2011 ofrécenos datos pormenorizados que nos permiten contrastar a información referida aos dereitos e obrigas recoñecidas e que nos servirán de base para a posterior proxección do orzamento unha vez realizada a actuación.

As liquidacións dos exercicios anteriores vannos permitir analizar magnitudes e tendencias dos ingresos-gastos no referido aos apartados correspondentes a corrente, inversión e financeiro dende unha perspectiva dinámica; e que nos servirán para validar ou corrixir as estimacións da proxección do orzamento unha vez realizada a actuación.

O resumo de dita información recóllese nos seguintes cadros:

- Cadro resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2011, onde se reflicte a repercusión de gasto-ingreso por habitante tendo en conta a información oficial do último censo municipal na que o número de habitantes do Concello é de 11.337.
- Cadro resumo das liquidacións dos exercicios 2006-2011.

CADRO RESUMO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DA LARACHA 2011

CAPITULO	GASTOS	OBRIGAS REC NETAS	%	€/HABIT
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	GASTOS DE PERSOAL	2.125.645,53	19,56	187,50
2	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	3.742.940,32	34,44	330,15
3	GASTOS FINANCEIROS	29.815,31	0,27	2,63
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	227.895,33	2,10	20,10
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	6.126.296,49	56,38	540,38
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	INVERSIÓNS REAIS	4.335.070,65	39,89	382,38
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	405.059,78	3,73	35,73
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	4.740.130,43	43,62	418,11
	TOTAL GASTOS	10.866.426,92	100,00	958,49

CAPITULO	INGRESOS	DEREITOS REC NETOS	%	€/HABIT
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.907.474,89	21,46	168,25
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	109.790,58	1,24	9,68
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.377.298,07	15,50	121,49
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.800.459,92	42,76	335,23
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	16.670,73	0,19	1,47
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.211.694,19	81,14	636,12
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.676.751,85	18,86	147,90
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.676.751,85	18,86	147,90
	TOTAL INGRESOS	8.888.446,04	100,00	784,02

CADRO RESUMO LIQUIDACIÓNS ORZAMENTARIAS DO CONCELLO DA LARACHA 2006-2011

CAP	GASTOS	2006	2007	2008	2009	2010	2011
	OPERACIÓNS CORRENTES						
1	GASTOS DE PERSOAL	1.303.320,99	1.778.699,92	1.744.147,03	1.416.929,33	1.739.722,30	2.125.645,53
2	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.067.107,18	2.941.991,34	3.302.168,59	3.532.046,61	3.343.837,21	3.742.940,32
3	GASTOS FINANCEIROS	42,68	26.511,57	28.696,36	18.486,84	51.384,31	29.815,31
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	165.607,12	198.491,92	212.523,51	207.733,21	220.053,04	227.895,33
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.536.077,97	4.945.694,75	5.287.535,49	5.175.195,99	5.354.996,86	6.126.296,49
	OPERACIÓNS DE CAPITAL						
6	INVERSIÓNS REAIS	2.619.271,47	3.214.370,21	2.486.474,36	4.855.457,65	3.255.482,73	4.335.070,65
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	69.424,90	96.216,57	13.489,80	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	779,37	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	100.000,00	92.500,00	182.500,00	62.500,00	237.537,74	405.059,78
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.720.050,84	3.376.295,11	2.765.190,93	4.931.447,45	3.493.020,47	4.740.130,43
	TOTAL GASTOS	6.256.128,81	8.321.989,86	8.052.726,42	10.106.643,44	8.848.017,33	10.866.426,92

CAP	INGRESOS	2006	2007	2008	2009	2010	2011
	OPERACIÓNS CORRENTES						
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.526.359,09	1.521.971,93	1.435.823,41	1.672.964,64	1.792.957,05	1.907.474,89
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	561.868,21	379.691,41	398.914,94	87.120,07	302.839,48	109.790,58
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	930.414,77	839.051,02	905.712,24	933.465,05	1.551.780,02	1.377.298,07
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.576.718,40	3.376.012,89	3.519.459,04	3.309.803,41	3.537.886,83	3.800.459,92
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	46.585,03	76.969,47	50.674,24	36.311,17	59.426,78	16.670,73
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	5.641.945,50	6.193.696,72	6.310.583,87	6.039.664,34	7.244.890,16	7.211.694,19
	OPERACIÓNS DE CAPITAL						
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00	0,00	0,00	976,50	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.004.132,00	899.447,31	1.988.927,33	2.562.395,64	2.410.777,29	1.676.751,85
8	ACTIVOS FINANCEIROS	311,74	467,63	0,00	0,00	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	499.999,99	0,00	556.482,51	564.129,15	1.200.000,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.504.443,73	899.914,94	2.545.409,84	3.127.501,29	3.610.777,29	1.676.751,85
	TOTAL INGRESOS	7.146.389,23	7.093.611,66	8.855.993,71	9.167.165,63	10.855.667,45	8.888.446,04

Os indicadores actuais de estabilidade orzamentaria e endebedamento correspondentes á situación económica municipal segundo a liquidación do orzamento do ano 2011 recóllense no seguinte cadro:

INDICADORES DE ESTABILIDADE E ENDEBEDAMENTO	
SITUACIÓN ECONÓMICA 2011	
TOTAL INGRESOS	8.888.446,04
TOTAL GASTOS	10.866.426,92
DIFERENZA	-1.977.980,88
AFORRO NETO (I 1 A 5) - (G 1 A 4 + 9)	680.337,92
ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	
SUMA INGRESOS 1-7	8.888.446,04
SUMA GASTOS 1-7	10.461.367,14
DIFERENZA	-1.572.921,10
AXUSTES	1.648.097,68
ESTABILIDADE	75.176,58
AFORRO	
INGRESOS CORRENTES 1-5	7.211.694,19
GASTOS CORRENTES 1-4	6.126.296,49
DIFERENZA	1.085.397,70
NIVEL ENDEBEDAMENTO	27,41 %

A débeda viva do Concello a 31/12/2011 ascende á cantidade e de 1.977.000 €, segundo os datos do *Ministerio de Economía y Hacienda*, habendo sido reducida en 404.000 € no último exercicio .

2.4. ESTIMACION DE GASTOS - INGRESOS CORRENTES MUNICIPAIS TRAS A ACTUACION

2.4.1 ESTIMACIÓN DOS GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA ACTUACIÓN

Dadas as características da actuación, e aínda que a mesma non supón un cambio do modelo de xestión municipal, a avaliación dos gastos correntes derivados da mesma realizarase mediante a estimación directa dos mesmos sen aplicar ratios de aumentos de poboación ou a súa asimilación a habitantes equivalentes no que se repercutan os obtidos da liquidación do orzamento analizado.

Tendo en conta o modelo de xestión dos Centros Educativos da Comunidade, e que a ampliación prevista neles non supón reforzos das infraestruturas municipais existentes, os gastos correntes derivados da actuación límitanse aos de mantemento das áreas do sistema viario de acceso asociadas a eles; y segundo a información obtida dos ratios de gasto municipal para este concepto, a cuantificación do gasto corrente sería:

- **Gastos de mantemento de viais e áreas de aparcamento.**

Segundo ratio de gasto municipal: 0,3 €/m²/año:

Superficie asociada ao CEIP Otero Pedrayo: 18.142 m²

Superficie asociada ao IES Agra de Leborís: 4.531 m²

Gastos totais anuais = 0,3 x 22.673 m² = **6.801,90 €/año**

GASTOS CORRENTES ANUAIS DERIVADOS DA ACTUACIÓN	
TOTAL GASTOS CORRENTES ANUAIS	6.801,90 €

2.4.2 ESTIMACIÓN DOS INGRESOS CORRENTES DERIVADOS DA ACTUACIÓN

A actuación non xerará ingresos correntes nas arcas municipais; se ben debemos cuantificar, aínda que non ascenda a unha cantidade relevante a minoración de ingresos que suporá deixar de percibir as cantidades correspondentes ao Imposto de Bens Inmóveis das fincas a expropiar para levar a cabo a actuación.

- **Minoración de ingresos por Imposto de Bens Inmóveis de Rústica.**

VC = 25.120,94 m² x 0,2 €/m² x 0,5 = 2.512,09 €

Cota = 2.512,09 x 0,3 % = - **7,54 euros/año**

- **Minoración de ingresos por Imposto de Bens Inmóveis de Urbana.**

VC = 14.051,38 m² x 50 €/m² x 0,5 = 351.284,50 €

Cota = 351.284,50 x 0,4 % = - **1.405,14 euros/año**

INGRESOS CORRENTES ANUAIS DERIVADOS DA ACTUACION	
IBI RÚSTICA	- 7,54
IBI URBANA	- 1.405,14
TOTAL INGRESOS CORRENTES ANUAIS	-1.412,68

2.5. ANALISE DO SALDO FISCAL DA ACTUACION

Da cuantificación pormenorizada dos gastos e ingresos correntes derivados da actuación obtense o balance final da mesma para a Facenda Municipal:

BALANCE FINAL ANUAL DERIVADO DA ACTUACION	
INGRESOS CORRENTES ANUAIS	-1.412,68
GASTOS CORRENTES ANUAIS	6.801,90
BALANCE ANUAL	-8.214,58

Obviamente bota un resultado negativo dadas as características da actuación; pero a súa cuantificación permitiranos avaliar posteriormente o impacto do mesmo no orzamento municipal consonte os seus indicadores de estabilidade económica.

2.6. ANALISE DOS ESTADOS DE INGRESOS E GASTOS CORRENTES DA ACTUACION

Considérase, tal e como ten previsto o Concello, que a actuación se leve a cabo no ano 2015; polo que se analizarán os estados de ingresos e gastos correntes e de capital para esa anualidade derivados da mesma sen aplicar taxas de actualización ou de desconto algunha aos valores anteriormente obtidos.

- Ingresos-gastos non financeiros correntes .

Computarase a totalidade dos gastos correntes derivados da actuación (6.801,90 €) no Capítulo 2 do orzamento de gasto (Gastos de bens correntes e servizos); e a minoración dos ingresos (-1.412,68 €) no Capítulo 1 de ingreso (impostos directos).

- Ingresos-gastos non financeiros de capital.

Computaranse os gastos de inversión correspondentes á expropiación dos terreos (162.011,80 €) no Capítulo 6 do orzamento de gasto (Inversións Reais).

- Ingresos-gastos financeiros .

En principio non se contempla necesario o financiamento da inversión prevista co recurso a crédito; por lo que o Capítulo 9 de ingresos e gastos non se verá incrementado.

INCIDENCIA DA ACTUACIÓN NO ORZAMENTO MUNICIPAL 2015		
CAPITULO	GASTOS	
	OPERACIÓNS CORRENTES	
2	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	6.801,90
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	6.801,90
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	INVERSIÓNS REAIS	162.011,80
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	162.011,80
	TOTAL GASTOS	168.813,70
CAPITULO	INGRESOS	
	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	- 1.412,68
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	- 1.412,68
	TOTAL INGRESOS	- 1.412,68

2.7. ANALISE DOS RESULTADOS PRESUPUESTARIOS ESTIMADOS

Para poder avaliar os novos indicadores de estabilidade orzamentaria realízase a análise sobre a agregación do resultado da actuación e do orzamento municipal estimado do ano 2015, anualidade onde se levará a cabo a mesma.

Para a estimación do orzamento municipal de 2015, tivéronse en conta os resultados das liquidacións municipais dos últimos 6 anos (2006-2011); o que nos permite realizar as seguintes consideracións:

- Considérase un aumento do 2,5 % dos ingresos e gastos correntes sobre a liquidación do orzamento do ano 2011, base do presente informe.
- Considérase o gasto correspondente a pasivos financeiros do Capítulo 9 de gasto, equivalente ao aumento do 2,5 % dos ingresos correntes co ánimo de non incrementar o nivel de endebedamento actual.
- Considérase un aumento do 2,5 % nos ingresos correspondentes ás transferencias de capital das distintas administracións públicas sobre a liquidación do orzamento do ano 2011 correspondente ao Capítulo 7 de ingreso.
- Co ánimo de equilibrar o orzamento considérase unha redución no ano 2015 do 40% nos gastos de capital correspondentes ás inversións reais sobre a liquidación do orzamento do ano 2011, incluíndo dentro de ditas inversións a necesaria para levar a cabo a actuación que se pretende. Ditos gastos corresponderanse co Capítulo 6 de gasto.

Con todo isto, o orzamento municipal estimado para o ano 2015, agregándolle os gastos e ingresos derivados da nova ordenación, sería:

ESTIMACION DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2015		
CAPITULO	GASTOS	OBRIGAS ESTIMADAS
	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	GASTOS DE PERSOAL	2.178.786,67
2	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	3.843.315,73
	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	3.836.513,83
	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS N.O.	6.801,90
3	GASTOS FINANCEIROS	30.560,69
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	264.917,42
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	6.317.580,51
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	INVERSIÓNS REAIS	2.601.042,39
	INVERSIÓNS REAIS	2.439.030,59
	INVERSIÓNS REAIS N.O.	162.011,80
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	144.940,91
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.745.276,29
	TOTAL GASTOS	9.062.856,80
CAPITULO	INGRESOS	DEREITOS ESTIMADOS
	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.953.749,08
	IMPOSTOS DIRECTOS	1.955.161,76
	IMPOSTOS DIRECTOS N.O.	- 1.412,68
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	112.535,34
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.411.730,52
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.895.471,42
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	17.087,50
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.390.573,86
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.718.670,65
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.718.670,65
	TOTAL INGRESOS	9.109.244,51

Os indicadores correspondentes á situación económica, a estabilidade orzamentaria, o aforro e nivel de endebedamento municipal para o ano 2015 consonte o orzamento estimado serían:

INDICADORES DE ESTABILIDADE E ENDEBEDAMENTO	
SITUACIÓN ECONÓMICA 2015	
TOTAL INGRESOS	9.109.244,51
TOTAL GASTOS	9.062.856,80
DIFERENZA	46.387,71
AFORRO NETO (I 1 A 5) - (G 1 A 4 + 9)	928.052,44
ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	
SUMA INGRESOS 1-7	9.109.244,51
SUMA GASTOS 1-7	8.917.915,89
DIFERENZA	191.328,62
AXUSTES	0,00
ESTABILIDADE	191.328,62
AFORRO	
INGRESOS CORRENTES 1-5	7.390.573,86
GASTOS CORRENTES 1-4	6.317.580,51
DIFERENZA (AFORRO BRUTO)	1.072.993,35
NIVEL ENDEBEDAMENTO	27,69 %

Dos valores obtidos extráense as seguintes deducións :

- Equilibrio xeral do orzamento .

O saldo positivo obtido (46.387,71 €) consonte as consideracións estimadas, quere dicir que o Concello non necesitaría financiamento para levar a cabo a actuación que se pretende.

- Indicador do aforro neto referido ao préstamo extraordinario segundo RDL 5/2009.

O saldo positivo obtido (928.052,44 €) consonte as consideracións estimadas quere dicir que o Concello podería aumentar o gasto previsto no Capítulo 9 (Pasivos Financeiros), reducindo en maior medida que a estimada o seu capital vivo pendente de amortización, e consecuentemente o seu nivel de endebedamento .

No caso de estimar unha contía de gasto en dito capítulo que supuxese un saldo negativo do aforro neto habería que analizar se o Concello se acolleu ás medidas extraordinarias establecidas no RDL 5/2009 de saneamento de débedas pendentes de pago, e examinar o remanente de tesourería de cara a impedir o incremento do endebedamento.

- **Estabilidade orzamentaria.**

O saldo positivo obtido (191.328,62 €) segundo as consideracións estimadas quere dicir que o Concello non incumprirá o parámetro de estabilidade orzamentaria co desenvolvemento da nova actuación.

Considerando correctos os ingresos estimados por Transferencias de Capital, o valor do saldo positivo obtido indícanos a contía que a maiores o Concello pode inverter (Inversións Reais) sobre as consideradas.

- **Aforro bruto e nivel de endebedamento.**

O saldo positivo de aforro bruto obtido (1.072.993,35 €) segundo as consideracións estimadas indícanos a marxe de financiamento do Concello.

O baixo nivel de endebedamento do Concello, e que é froito das estimacións orzamentarias realizadas, mantense conforme aos datos do último orzamento liquidado.

3. CONCLUSIÓN

Analizados os indicadores económicos resultantes da agregación do orzamento municipal e do derivado da nova actuación, todos eles con saldos positivos, pódese concluír que o impacto da actuación que se pretende sobre a Facenda Pública Municipal garante a sostibilidade económica do Concello, podendo facer fronte ao mantemento, conservación e implantación das infraestruturas derivadas da execución da nova actuación.

Outubro de 2012
O Arquitecto

Asdo.: Ángel Luis Monteoliva Díaz